

Información importante: Club de lectura 2022-23

ºESO

Este ano queremos montar de novo varios clubs de lectura na Biblioteca, de temas diferentes para que poidades elixir segundo o voso gusto... Velaquí o listado. *Anímate a apuntarte ao que máis che guste!!*



Listaxe de temas posibles: (pedide aqueles aos que vos apuntariades)

- | | | |
|--|--|--|
| <input type="checkbox"/> Literatura infantil e xuvenil (LIX) | <input type="checkbox"/> Clásicos da literatura | <input type="checkbox"/> Ler en galego |
| <input type="checkbox"/> Banda deseñada (cómic-manga) | <input type="checkbox"/> Feminismo, igualdade e identidade | <input type="checkbox"/> Poesía |
| <input type="checkbox"/> Ler ciencia (novela, curiosidades) | <input type="checkbox"/> Idiomas (francés) | |
| <input type="checkbox"/> Natureza/ medio ambiente | <input type="checkbox"/> Lectura fácil (adaptada) | |

De cada vez que nos reunamos, falaremos das lecturas feitas, opinaremos e debateremos, se o tema se nos presta. En principio, temos pensado abrir os seguintes clubs de lectura:

Atención!! Tope de alumnado admisible nos grupos: 12 persoas máximo!!

Martes: **Banda deseñada**

Neste club, leremos banda deseñada (cómic) de todo tipo, en castelán e en galego... tamén manga, pero non só iso!! Este ano, queremos ir facendo “roldas” de estilos diferentes no que cada un de nós pode ler títulos diferentes, pero dentro dese estilo concreto. Logo, cambiamos de estilo e títulos!

Mércores: **Lemos ciencia!**

Neste grupo, leremos textos de divulgación científica. Libros enteiros? Non... vale, só 1 no curso, e ese elixides vós cal vai ser. Que tipo de textos? Iremos cambiando de cada “rolda”: artigos científicos, revistas de divulgación científica (*Muy Interesante* ou *National Geographic*), pequenos libros sobre ciencia ou científicos, capítulos concretos de algún libro, biografías, bandas deseñadas sobre o tema, e... como dixemos antes, 1 libro sobre ciencia que nos chame a atención e nos guste.

Xoves: **Feminismo, igualdade e identidade**

Aquí os protagonistas serán textos, artigos e libros sobre esta temática... tamén poderemos incluír algunha banda deseñada, que agora xa empezamos a ter un fondo de cómics que xiran arredor do feminismo, os roles de xénero, a identidade de xénero... moi interesantes. Pola experiencia do ano pasado, pódense xerar debates moi interesantes!

Venres: **Lectura fácil**

Algunha vez, cando se trataba de ler un libro (para os traballos, por exemplo), vos tendes rendido porque en realidade, por moito que leades, non vos dades de conta do que di alí?? Se cadra este é o voso club! Aquí imos ler unha serie de títulos en castelán e galego que están feitos de tal maneira que se facilita moito a comprensión: letra grande, oracións sinxelas, explicacións nas marxes ou a pé de páxina dos termos técnicos ou difíciles... O noso obxectivo será demostrar que somos capaces de ler un libro enteiro, ata a última letra e o punto final!!

Agora, reflexionade, e se de verdade vos interesa, apuntádevos XA!!



BIBLIOTECA ESCOLAR

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n. 15293 – CARNOTA

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/68>

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>

Bibliotecas
escolares
de Galicia



Lista de alumnos inscritos:

Curso:

ºESO

Martes: **Banda deseñada**

Mércores: **Lemos ciencia!**

Xoves: **Feminismo, igualdade e identidade**

Venres: **Lectura fácil**